



“Ser muller cada día supón un reto e supón mirar cara a necesidade de mudar as cousas”

8 de marzo de 2017

<https://sumagora.coruna.gal/2017/03/08/ser-muller-cada-dia-supon-un-reto-e-supon-mirar-cara-a-necesidade-de-mudar-as-cousas/>

Co gallo do [Día Internacional da Muller](#) entrevistamos para a sección “[Conversas con...](#)” a [Dores Tembrás](#) (Bergondiño, 1979), **muller, galega, poeta e emprendedora** -xunto a [Antía Otero](#)– no eido editorial co proxecto [Apiario](#). Pero sobre todo, unha persoa moi **comprometida** co seu **traballo** e cunha **fe absoluta no poder transformador da palabra**, que veu a recordarnos que as palabras e as poesías si poden cambiar o mundo.

Biblioteca e poesía...

Antes de nada moitas grazas por achegarte ata a [Biblioteca Ágora](#) para participar da nosa sección “[Conversas Con...](#)”. Á parte de pola túa obra poética e por [Apiario](#), coñecémoste porque impartes no [Centro Ágora](#) os obradoiros de literatura. Cal é a túa perspectiva desta biblioteca e do centro sociocultural en xeral?

Eu comecei cando abriu. Estaba no Fórum e subín para dar aquí o meu obradoiro de literatura e outras artes, así que realmente vino comezar, vino arrincar. Creo que o **proxecto do Ágora** é moi **potente** porque se lle buscou unha **coherencia**. É un **espazo de encontro** para unha zona moi castigada. Teño a sorte de coñecer a [Xavier Campos](#) e de poder ter estado na biblioteca e falarmos do que era o proxecto, das fotos, das persoas do barrio, do que significaba para el formar parte real, física, explícita do proxecto. Creo que nese sentido é importante non perder de vista proxectos tan coherentes e que teñen un calado e unha pegada tan fonda na cidade. Ás veces podemos pensar que as cidades son lugares deshumanizados e este centro tal e como está é todo o contrario. Tremendamente dinámico e con moitísima xente que ven á biblioteca darlle uso. É unha marabilla vir aquí.

E como cres que se podería dende a biblioteca ou dende calquera outra institución cultural ou educativa achegar a poesía a un sector máis amplo da poboación?

Eu levo moitos anos dando **obradoiros e seminarios de poesía** en centros de ensino, bibliotecas, clubs de lectura, aproximando o que é a palabra poética a públicos máis amplos. Creo profundamente niso. Creo que para ter lectores de poesía, é necesario **xerar vías de acceso atractivas**, interesantes e creo que os resultados poden ser increíbles. Esa é a miña experiencia. Creo que hai moitos **prexuízos co xénero**, creo que unha determinada lectura durante décadas do xénero mancouno, esa visión elitista, esa visión para minorías. Cando eu me atopo con alguén que me di “*eu non leo poesía porque a poesía non é para min*”, eu sempre digo “*iso é tan rotundo como dicir non me gusta comer*” porque hai tantos poetas, que estou convencida de que hai algúns que che van a fascinar. Hai que atopar, por unha banda, a vía de acceso, non todos os públicos son iguais, non é o mesmo cando eu estou con público de mediana idade, maduro, ou con adolescentes, as vías de acceso son distintas. E creo que hai que **perderlle o medo**, a poesía non é aquela cousa que nos contaron na escola, creo que hai que deixar de pensar e analizar textualmente un poema. O poema non é que significa ou que quere dicir, non é iso, a pregunta é outra: como che deixa o poema? dáche frío? dáche calor? gústache? **É unha cuestión de pel.**

O labor de achegamento da poesía a un público maior require de esforzo e loita contra moitos prexuízos e Dores coméntanos que tamén é necesaria a complicidade do persoal bibliotecario. Conta coas nosas recomendacións lectoras Dores, estamos todos no mesmo *complot!*

O primeiro poemario...

No ano 2009 sae publicado en Espiral Maior o teu primeiro poemario “[O pouso do fume](#)”, finalista nos Premios da [Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega \(AELG\)](#) 2010 na categoría de mellor libro de poesía. Que supuxo para ti a publicación desa obra?

Foi un dos **momentos máis definitivos** na miña vida. O que move ese poemario é a **memoria**, unha necesidade de cristalizar un tempo que se extinguíu. É un poemario dedicado á infancia e ás xenealoxías de todas as mulleres que estaban antes ca min e que me deixaron toda unha herdanza de palabras.

Foi definitivo porque eu acababa de rematar a tese, acababa de ser nai e é algo que xurdiu de forma increíble. O editor coñecía o meu traballo e díxome “*se tes un libro publicámolo*”. Algo que fixen felicísima de súpeto se converteu en algo extraordinario e todo o que pasou arredor do libro foi maravilloso. Un libro que tivo por parte do público e por parte da crítica unha acollida tremenda. Aprendín moito coa recepción do libro, o encontro cos lectores, cos críticos, co circuíto literario, con outros poetas, iso foi tremendo. É definitivo na miña vida, nese momento decidín que a escrita non sería algo que se quedaría no privado como ata ese momento senón que sería un **camiño profesional**.

A túa tese doutoral versa sobre a poeta arxentina [Alejandra Pizarnik](#), que significa para ti a súa obra e de que maneira inflúe na túa propia?

Pizarnik para min é **a poeta**. Cando coñecín a súa obra, a fascinación foi inmediata. Estaba en segundo de carreira e cando puiden ler o seu primeiro libro -nós temos familia en Arxentina que me mandaran o libro xa que aquí non estaba publicado- souben que quería pasar máis tempo con aquela voz, con aquela poeta que tiña moito que dicir e cando acabei a carreira tiven moi claro que a tese sería sobre a súa obra.

Alejandra é un **furacán como poeta**, máis alá da súa biografía que é fascinante e do seu personaxe, ten unha obra tremendamente sólida na que hai un **compromiso** e unha **honestidade na procura poética** como poucas veces vin nun escritor. Creo que iso me conmoveu

profundamente e eu quería saber ata onde chegara Alejandra no seu oficio. Foi unha etapa da miña vida extraordinaria, case oito anos que lle dediquei á tese e claro, chegas a un nivel de coñecemento moi profundo. A min interésame moito iso, a verticalidade sempre na investigación. Podo dicir que fun moi feliz, que padecín moito porque os lugares aos que te leva ela adoitan ser pozos sen saída, pero **aprendín moitísimo como lectora**.

E como poeta interésame moito o **traballo co silencio** de Alejandra. Eu non tiña nada que ver, non fago poemas ao seu estilo, apenas temos motivos comúns, sen embargo gustárame pensar que o meu traballo co silencio nace e débese á obra de Pizarnik porque ela é capaz de producir o silencio nos poemas. Máis aló de que ten un traballo simbólico extraordinario, máis aló diso.

Dores como creadora...

Ti como creadora como te definirías?

Como unha **procuradora** da **palabra precisa**. Iso é o que me interesa, a palabra, a linguaxe, buscar, non importa durante canto tempo, buscar o que procuras. Creo que ese é o traballo dos poetas e sempre é coa pulsión, coa **emoción** que é fundamental no meu traballo tamén.

É unha busca a poesía?

Si, totalmente, aínda que non necesariamente de respostas. Eu creo que **a propia procura é a resposta**, é o camiño, creo que é o que máis satisfacción aporta tamén neste traballo. Non estar concentrado nun obxectivo final senón saber que o proceso ten moito que aportar e que che fai medrar, e que todo é un exercitarse na palabra. E que agora o teu traballo está neste momento e este é o teu traballo e que antes era así e que despois será doutra maneira, un proceso. Concibo así os procesos creativos, un continuo.

E en que te inspiras para o proceso creativo?

Hai **motivos concretos que inspiran cada un dos meus traballos**, pero en abstracto a min a palabra inspiración dáme moito medo, téñolle moito respecto e non adoito falar de inspiración. **Creo profundamente no traballo**. Entón a min o que me move -prefiro dicilo así- é precisamente todo o que aprendo arredor da linguaxe no traballo. Creo que iso é o que me fai seguir escribindo, é un reto.

Referentes e poesía galega actual...

E cales son os teus referentes literarios?

Neste último número de [Luzes](#) escribín un [artigo sobre John Berger](#) que comeza dicindo “*Amo a poucos autores...*”. Creo que iso define moito cal é a miña relación coa literatura. **Berger** está no top 3, é un autor fundamental para min, sen embargo creo que non hai moito en común. Teño algúns autores como referentes cos que creo que non comparto demasiadas cousas a nivel de creación, pero que sen embargo sempre están aí como **luzes que me iluminan**. A súa obra, sen dúbida, é unha delas. Practicamente todo o que escribiu paréceme brillante. O seu nivel é extraordinario, conmovedor, preciso, inspirador, e é capaz de **abrirche ventás na cabeza**. Creo que iso é o que busco nun autor. Despois hai moitos autores aos que admiro, moitas autoras cun traballo que me interesa moito. Pero non teño referentes no sentido de “*quero ser como...*”. Nunca tiven esa sensación. Non procuro ser como ninguén, pero hai autores necesarios para min como lectora.

Cal é a túa visión da situación da poesía galega actual?

É **extraordinaria**. Claro, que o diga unha poeta galega parece que non ten moito crédito, pero cando veñen autores como [Gamoneda](#) e din que o que se está facendo agora en Galicia é dun nivel que está moi por encima do resto da Península, ten máis crédito. Eu creo iso porque eu teño o privilexio de ler autores na miña lingua que son verdadeiramente extraordinarios e despois, hai xente no resto da península que fai cousas tamén moi boas. Pero é que aquí temos unha cantidade por metro cadrado que é increíble realmente. E eu síntome moi feliz de pertencer a unha **tradicón poética** tan **poderosa** nese sentido.

Muller e poesía...

Tes participado tamén de numerosas antoloxías, entre elas “[Mulheres entre poesía e liuta](#)” na que colaboran varias poetas galegas. Unha obra de denuncia das desigualdades que vivimos froito do sistema patriarcal. Fálanos un pouco desta obra...

Foi unha petición e non sempre é fácil porque ás veces cando se empeza unha peza e o detonante non é natural, un acaba frustrado co resultado, aínda que non foi o caso. Tamén é certo que eu traballo moito dende o feminino, é moi natural, entón teño moitas pezas que se sosteñen como pilar fundamental na muller e nese sentido foi estupendo colaborar con elas.

Efectivamente a muller está moi presente na túa obra, cres que é máis difícil ser muller e poeta?

Ser muller nos tempos que corren conleva moitísimos hándicaps só polo feito de ser muller. Non sei se a suma de ser muller e ser poeta é peor. Eu creo que vivimos nun país onde a poesía ten un gran recoñecemento, ten os seus espazos, non son moitos, pero é que tampouco hai moito espazo para a literatura galega, esa é a realidade. **Gustaríame que houbera máis visibilidade** por suposto, pero non sinto que o feito de ser poeta aumente exponencialmente as cuestións negativas. Creo que **ser muller** realmente hoxe en día **supón un reto**, máis aló do terrorismo que estamos vivindo, máis aló diso que é o paradigma máis grave que nos está pasando como sociedade. **Ser muller cada día supón un reto e supón mirar cara a necesidade de mudar as cousas** porque así non poden seguir, e creo que hai moito diso na miña obra.

É a literatura un medio para mudar as cousas?

Eu dígolles sempre aos meus alumnos que **un bo poema é transformador a nivel profundo**. Ti es un cando colles o libro pero non sabes quen vas ser cando remates de lelo. Claro, o poema ten que chegarche, o poeta ten que estar falándoches a ti e nunca sabes cando vai pasar iso. **Creo no poder transformador da literatura porque creo no poder transformador da palabra**. Téñolle unha fe absoluta, o que non quere dicir que iso non deba ir acompañado de accións. Pero creo que a literatura é un motor de cambio e que nos acompaña ao longo de toda a vida.

O proxecto literario e editorial [Apiario](#)...

En 2014 fundas xunto a [Antía Otero](#), o proxecto literario e editorial [Apiario](#). Que supuxo para ti este proxecto e que significa a súa posta en marcha?

Hai dous anos xa que está funcionando e agora mesmo [Apiario](#) significa todo. Cando penso que supuxo poñelo en marcha non acredito da forza que tiñamos. Estivemos durante un ano preparando o proxecto, plan de viabilidade, facendo cursos de empresariais, perfilando moito o que queríamos e despois botalo a andar. A verdade é que foi tamén algo **moi natural**. Antía Otero levaba moito tempo traballando en centros de ensino con obradoiros, é autora, eu tamén son autora e somos unhas **fascinadas polo obxecto libro**. E queríamos que as obras, que os

poemarios tiveran un soporte que estivera á altura desas obras. E era tan natural e pensábamolo de maneira tan coincidente que foi increíble xerar o proxecto. Agora penso en todo o que nos leva dado Apiario e paréceme que leva toda a vida comigo.

É un proxecto que, como tódolos proxectos independentes, esixe unha entrega voraz, pero tremendamente agradecido. Creo que agora podemos dicir que hai unha **comunidade de lectores apiarios** que están atentos ao que publicamos. Creo que iso é un luxo, crear tanta expectación sen saber o que vai saír. É marabilloso e síntome tremendamente feliz traballando con Antía Otero por moitos motivos. Facemos o que queremos, creo que iso é algo extraordinario, vivimos con moitísima paixón o noso traballo, non podería ser doutra maneira. Realmente eu levántome cada mañá sabendo que o día vai ser fantástico, que van pasar cousas lindas, máis aló das sesións nas que escollemos papeis e todo iso que xa é morrer, máis aló diso, cando as cousas se poñen complicadas, para min é un luxo traballar con Antía Otero cada día e termar dun proxecto como é **Apiario** que **cre profundamente na cultura, na palabra, na poesía, na linguaxe**, en achegar iso aos centros de ensino de forma imbricada completamente.

Tes en mente algunha nova obra ou algún novo proxecto que nos poidas adiantar?

O último que saquei foi [Auga a través](#), que é unha obra coa que estou feliz e que ten moi poucos meses realmente porque é deste outono. Gústame moito **traballar por proxectos pequenos** e a plaquette era un formato ao que eu lle tiña moitas ganas. Son nove poemas sobre un único concepto, o **asolagamento**. Fun moi feliz escribindo isto e o feito de que se convertera nunha plaquette así, con este deseño tan marabilloso de Tamara Feijoo, foi a primeira vez que o obxecto que ti tes na mente se realiza sen que haxa ningún cambio. Este exactamente é o libro que nós pensamos en Apiario, non hai nada, nada que quedara sen facer. Este é o papel, este é o deseño, estes son os sucos que queríamos de Tamara Feijoo, este é o fío co que eu soñei. É unha tirada de 500 exemplares e cosémolo nós. Este traballo non o facía ninguén e sabíamos que tiña que ir cosido así.

E claro, sempre hai proxectos, sempre hai unha escrita que está aí subterránea, pero non inmediatos. **Nunca teño presa na escrita**. Publico moi pouco, demórome moito con cada libro. Foron catro anos dende *O pouso*, despois veu a *Cronoloxía da urxencia co peizoque Roque* – editado en Galaxia, con ilustracións de Xosé Tomás- no medio, e agora isto. Non teño apuro, **gústanme os procesos da escrita**, desfrútoos ata que se convirten nunha obsesión.

Dores recomenda...

- **Un libro...** [No seu desprezar: antoloxía poética](#), porque creo que son fiestras abertas a novas voces.
- **Un disco...** Nordestinas.
- **Unha película...** [Ida](#), filme polaco dirixido por [Pawel Pawlikowski](#).
- **Un lugar...** San Sadurniño.
- **Un soño por cumprir...** Todos os libros que están por escribir, todo o que virá.